

A FILOSOFÍA POLÍTICA

1. Definición, función e características

1.1 Definición

A filosofía política é unha rama da filosofía que ten coma obxecto de estudo a sistematización e crítica das cuestións fundamentais sobre: a política, o goberno, liberdade, dereitos, propiedade, legalidade e autoridade. Estuda as relacións entre os seres humanos e a súa forma de organizarse socialmente. Investiga a actividade de quen procura obter o poder, retelo e exercitalo.

Etimoloxicamente a palabra política provén do grego “politikos” que ven a significar “dos cidadáns” entendida a política entón coma a actividade de aqueles que aspiran a rexir os asuntos da polis, é dicir, os asuntos públicos.

Que función ten a filosofía política? Di Norberto Bobbio que son catro os temas por excelencia:

- A natureza da política.
- A procura da mellor forma de goberno.
- Os fundamentos e a xustificación do estado.
- A análise do discurso político.

1.2 Separación entre ética e política, moral e dereito: a racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política

A ética e a política son saberes prácticos, en tanto axudan a orientar e construír unha vida feliz e digna proporcionando para iso normas que guien a nosa conduta. A ética dende a dimensión persoal e a política dende o ámbito social.

Moral e política son as veces incompatibles. Vexamos algunhas posturas:

Realismo político	Un bo gobernante non ten porque ser boa persoa. En política é máis importante coñecer a realidade que as utopías. Si as circunstancias o esixen débese prescindir de ideais morais. O maior representante desta postura é Maquiavelo.
Moral burguesa	O estado debe reducirse ao mínimo, a súa función é defender os dereitos individuais por iso se reduce a facer uso da violencia para manter a orde establecida.
Anarquismo	O estado é un obstáculo para a vida digna individual dende o momento no que limita a liberdade persoal. A libre federación de persoas e as comunidades permitirían a autoxestión para así evitar a explotación económica.

As cualidades das institucións políticas son:

- SOBERANÍA: é o poder ilimitado sobre un territorio determinado.
- PODER POLÍTICO: capacidade dun individuo ou grupo de tomar decisións, plásmase nas leis.

- **AUTORIADADE:** poder recoñecido e aceptado polos que se colocan baixo o deber de obedecer.

O estado é unha institución que ten recoñecido o exercicio do *poder político*. Exercer o poder político é ter *autoridade*. Todos manexamos un “poder” pois temos a capacidade de intervir na vida política pero non o temos todos recoñecido do mesmo xeito, non todos temos recoñecida a mesma autoridade, e isto implica que existen diferentes relacións de poder. Pero...por que obedecer? O que ostenta o poder político ten que ser capaz de xustificar mediante argumentos a súa lexitimidade.

Para Ortega e Gasset hai tres grandes épocas na historia de occidente que xustifican a lexitimidade do poder:

- **Cosmocentrismo** da vida antiga. As *leis da natureza* determinan que uns estean capacitados para unhas funcións e outros para outras polo que uns están capacitados para gobernar e outros non polo que deben obedecer. Este plantexamento atópase tamén no darwinismo social: hai nacións superiores e máis civilizadas e por iso son ganadoras. Dende esta teoría xustificaríase o racismo, sexismo, colonialismo, esclavitude...
- **Teocentrismo** da medieval. O poder ten un fundamento divino. Dende esta postura deféndense as monarquías absolutas onde o monarca non pode gobernar de xeito arbitrario senón con temor pois non pode ir contra da vontade e lei divina.
- **Antropocentrismo** na modernidade. O poder e a lei proceden da vontade racional dos seres humáns. Recúrrese a teorías contractualistas que describen a constitución do estado coma froito dun pacto social.

Max Weber elaborou unha clasificación das formas de lexitimación do poder dende unha perspectiva histórica:

- **AUTORIDADE CARISMÁTICA:** aquela autoridade que ten un lider en función das súas calidades persoais.
- **AUTORIDADE TRADICIONAL:** baseada na costume e usos do pasado.
- **AUTORIDADE LEGAL-RACIONAL:** fundamentada na vontade da cidadanía e nas leis positivas.

Non é o mesmo legal que lexítimo. Legal é aquel imperativo que deben obedecer todos aqueles que están suxeitos a esa lei e lexítimo é aquilo que ademais fai referencia ás razóns polas que debemos obedecer á lei, é dicir, a lexitimidade do poder político ten un compoñente ético. Para que unha lei sexa lexítima debe ter unhas propiedades procedimentais e de contido que a xustifiquen. O dereito positivo vai unido a unha determinada sociedade e a un tempo concreto por iso vai cambiando.

A pesar diso hai uns criterios normativos universais: o dereito positivo si aspira a ser xusto non debe de ir en contra dos valores morais. Xeralmente danse tres criterios:

- O dereito positivo non pode estar en desacordo co dereito natural.
- As leis terán carácter racional e orientaranse ao ben común.
- As leis respetarán o ideal moral dos dereitos humanos.

Nos gobernos democráticos a lexitimidade baséase na idea de soberanía popular e na crenza na igualdade ante a lei (mesmos dereitos e obrigas) O poder do estado está autorizado polo ordeamento xurídico derivado do voto da cidadanía e exercido conforme ao establecido na lei

respetando os principios fundamentais marcados pola constitución. Na actualidade este modelo está en crise pois evidénciase a necesidade dunha participación cidadá real e un estado eficaz socialmente.

2. O fundamento filosófico do estado

2.1 A orixe do estado

En todas as sociedades, dende as máis primitivas ata as actuais, existiron **formas de poder político**. Nas sociedades tribais primitivas as relacións entre os individuos regulábanse polos usos sociais e por institucións básicas como o matrimonio ou o clan familiar polo que eran sociedades sen estado. As primeiras sociedades con estado aparecen coas grandes civilizacións (Mesopotamia, Exipto, China e a India) no terceiro milenio antes de Cristo é cando estas sociedades se ven na obriga de desenvolver institucións (governos, exércitos, recaudadores de impostos, administracións de xustiza, etc) que administren o poder político. Estas institucións conformarán a orixe dos estados. En occidente sucedéronse tres sociedades: escravista antiga, feudal e moderna.

Cal é a xustificación da orixe do estado? A orixe do estado pode ser:

- **NATURAL:** froito da inclinación natural a asociarse entre si, a sociabilidade é esencial. Aristóteles sostíña que o ser humano é un zoon politikon, é dicir, un animal social.
- **DIVINO:** na Idade Media a explicación dominante é que coma seres creados a sociedade é parte do universo ordeado por Deus.
- **ORIXE ARTIFICIAL:** o estado xurde dun pacto ou contrato social, xurde do consenso grazas á reflexión racional que fai que recoñezamos as ventaxas da convivencia. O acordo plásmase nas institucións que conforman a sociedade.

O **Estado** aparece, polo tanto, como unha organización para a administración do poder político coas seguintes características:

- Posúe unha lexislación universal sobre o seu territorio
- O poder está diversificado institucionalmente, isto é que aínda que esteamos nun réxime absolutista (faraóns, emperadores, monarquías absolutas, etc) o poder exerceuse a través das distintas institucións como o exército, os xuíces, administración de tributos, etc
- É orixe e fonte exclusiva da legalidade vixente.
- Ten o monopolio da violencia.
- É soberano pois non comparte o poder con ningunha outra instancia.

2.2 Elementos da organización política

Vexamos as estruturas e institucións da organización política:




Ilustración 1.

3. As ideas políticas desde unha perspectiva histórica

3.1 O convencionalismo dos Sofistas

O termo política ven de **πόλις** (Polis = cidade Estado), polo tanto diremos que a política é o relativo á vida na Polis. O acontecemento máis sobresaínte da Atenas do século V a.C. foi a aparición da democracia. Atenas, da man de Pericles, Solón, e Clístenes, entre outros, converteuse nunha democracia directa onde todos os cidadáns (varóns e libres) participaban na Asemblea, órgano supremo do goberno da Polis.

Os cidadáns libres podían participar na vida política, pero si querían ter éxito (virtude) nela necesitaban certas destrezas e cultura. Necesitaban saber falar en público, dominando a arte da retórica, para convencer á asemblea, e aquí é onde entra a labor pedagóxica dos Sofistas ofrecendo coma método a oratoria, retórica ou erística. Estes foron os primeiros mestres da época e desenvolveron un pensamento sustentado no relativismo, no escepticismo e no carácter convencional de toda lei ou norma.

Os Sofistas foron os primeiros en debater sobre o carácter da lei (moral e xurídica). A este respecto había fundamentalmente dúas posturas contrapostas:

- Phisis ou lei natural á que todo ser natural se somete de xeito necesario, universal e esencial.
- Nomos ou lei política que regula as relacións entre os seres sociais, pode cambiar si hai acordo dos membros. Este tipo de leis proceden do pacto ou acordo entre os homes (convencionalismo) pois é reflexo da cultura e valores, cada sociedade ten as súas normas e poden cambiar en virtude dos intereses e circunstancias.

Esta concepción dos Sofistas supuxo o nacemento da crítica da cultura e todos os seus aspectos, tanto políticos e xurídicos, coma relixiosos e morais.

3.2 O idealismo político: a xustiza en Platón

Platón viviu a política opresiva do goberno oligárquico dos “trinta tiranos” imposto por Esparta ós atenienses despois da guerra do Peloponeso. Esta forma de goberno foi considerada por Platón como inxusta e negouse a participar nela a pesar de ser invitado a participar no goberno polos seus parentes Critias e Cármides. A posterior restauración da democracia tampouco satisfizo a Platón, xa que baixo ela, e mediante unha acusación falsa, foi condenado a morte Sócrates, o seu mestre, e un dos homes máis sabios e xustos de Atenas segundo Platón. Así, vendo os nefastos resultados dunha dirección política que levaba á sociedade á ruína moral e enxendraba a inxustiza, Platón orientou o seu pensamento cara a búsqueda dun fundamento sólido para instaurar unha orde política xusta. Isto levouno a plantexar dende o presuposto do intelectualismo moral socrático – só dende o coñecemento da virtude e a xustiza podemos ser xustos – un **modelo político ideal**. Neste Estado ideal, que nos presenta na súa obra política máis importante: *A república*, defende unha correlación entre a súa antropoloxía e a política. A estrutura da cidade e as clases sociais teñen o seu reflexo na alma do home. Para Platón o home tiña tres almas ou funcións: unha **alma racional** cuxa virtude sería a sabedoría e a prudencia, unha **alma irascible** cuxa virtude é o valor e a fortaleza e finalmente, unha **alma concupiscible** na que predominan as virtudes da temperanza e laboriosidade. Do mesmo modo que hai tres almas haberá tamén tres clases sociais, que se corresponderán cos individuos nos que predomina cada unha das tres almas. Así, aqueles nos que predomina a alma racional e polo tanto as virtudes da sabedoría e prudencia serán os **filósofos** cuxa clase social ou tarefa será a de gobernar. Os individuos de alma irascible serán os **guerreiros** e finalmente, aqueles homes nos que predominen as virtudes da temperanza e laboriosidade, propios da alma concupiscible ou apetitiva, serán os encargados da elaboración do necesario para a vida cotiá e integrarán a clase dos produtores e **artesáns**.

Segundo Platón a sociedade xurde da necesidade de intercambiar bens e servizos para cubrir as necesidades do home. A cidade é o espazo no que mellor pode satisfacerlas dado que ningún ser humano é capaz por si mesmo de dar cumprida satisfacción de todas elas (alimento, educación, médico, etc). Este abanico de necesidades é o que favorece a división do traballo e non todos teñen as mesmas destrezas ou virtudes, de aí a división en grupos ou clases sociais en función das súas capacidades.

O pilar fundamental desta sociedade dividida e xerarquizada en clases sociais segundo a alma de cada un e a súa virtude correspondente, estaría orientada pola virtude política máis importante: **a xustiza**.

Platón consideraba tres acepcións da idea de virtude: a virtude como sabedoría, herdada do intelectualismo moral socrático; a virtude como purificación que nos expón no diálogo do Fedro e no Fedón, e que consiste no dominio da alma racional sobre as paixóns e apetitos da alma concupiscible, para ascender de novo ó mundo das ideas e a perfección; e finalmente, a virtude como harmonía, que Platón expón no diálogo da República, identifícase coa xustiza, a cal consistirá polo tanto na harmonía entre as clases sociais. Esta harmonía concretase en que cada clase faga o que lle é propio. Aquí tamén vemos a vinculación entre a alma do home e a sociedade, entre a ética e a política. O home virtuoso será aquel no que prevalece o equilibrio entre as distintas partes da alma, é dicir, onde a razón domina as paixóns axudado pola fortaleza da alma irascible; na mesma medida a sociedade xusta será aquela onde os máis sabios gobernen, os guerreiros a defendan dos inimigos e os artesáns provean de recursos.

3.3 O realismo político: a razón de Estado en Maquiavelo

Maquiavelo é considerado o teórico político máis importante do Renacemento, pois coa súa aportación abre o camiño á modernidade. Fronte ó idealismo platónico que vinculaba ética e política, virtude e xustiza, Maquiavelo inicia o que deu en chamarse “realismo político” (tamén se lle chamou pragmatismo) onde o fin último do gobernante xa non é a xustiza e a virtude senón a unidade do Estado e a conservación do poder. Para Maquiavelo a política xa non ha de estar condicionada pola virtude ou a xustiza, senón que calquera medio é bo se está ó servizo da razón de Estado para manter a orde e a unidade. Esta idea resúmese na famosa frase: “O fin xustifica os medios”; para o realismo político o gobernante debe deixar a un lado os “prexuízos morais” e gobernar atendendo á seguridade e unidade do Estado. O bo gobernante xa no será o máis sabio ou o máis xusto, senón o mellor estratega ou o máis decidido.

Fronte ó idealismo platónico que partía dun presuposto antropolóxico moi optimista ó considerar que o home só fai o mal por ignorancia, Maquiavelo parte dun presuposto antropolóxico máis realista: o home é egoísta por natureza e os egoísmos son a fonte dos conflitos sociais. Desta maneira na sociedade encóntranse os intereses individuais ou de clase co ben común, que debe estar por encima dos particularismos. A función do príncipe, gobernante, debe ser a de harmonizar estes intereses, pero sempre antepoñendo o ben común e a unidade do Estado. Ante esta situación o príncipe pode apelar á razón de estado para levar adiante esta tarefa e xustificar os medios necesarios para elo. Como xa dixemos, *o fin xustifica os medios* será a máxima que pasou a historia como principio da política de Maquiavelo. Pero ollo, o príncipe poderá mentir, enganar e incluso matar só en aras do ben común e a unidade do Estado. Por isto a monarquía absoluta (un príncipe forte e poderoso que se impoña) é a única forma capaz de organizar por primeira vez un Estado, ou de reorganizalo no caso de que estea corrompido e en absoluto desorde.

Agora ben, unha vez organizado o Estado, pensa que a mellor forma de goberno sería a república, facendo descansar o goberno en moitos e non nun só. Porque a República é mellor para buscar o ben común, pois consiste precisamente nun goberno mixto no que participan os diferentes estamentos sociais, tanto o pobo como os notables, que deste xeito se equilibran e contrarrestan. O seu modelo era, como xa dixemos o da república romana co seu *Senatus populusque romanus* (o Senado e o pobo de Roma). Así, tamén se evitaría a dexeneración da monarquía (pois todo tende a dexenerar co tempo) e os seus problemas sucesorios.

3.4 O contractualismo: Hobbes, Locke e Rousseau

O contractualismo é a concepción reitora dominante da teoría política moderna e contemporánea. É certo que xa algúns autores antigos falaban de “contrato” para referirse á orde social, sen embargo para eles o contrato non era autenticamente libre e voluntario, e, polo tanto, non concibían nunca o Estado como un produto artificial, senón máis ben natural.

A proclamación da liberdade e da igualdade natural de tódolos individuos deixa, pois, sen base a forma de lexitimación tradicional. Agora ben, a idea dunha sociedade composta por individuos libres, iguais e autónomos abre dúas opcións igualmente posibles: a anarquía ou a “constitución” dun poder pactado entre todos. De aí que as novas teorías da lexitimidade se elaboren sempre a partir da análise desta dobre posibilidade, baixo dúas formulacións terminolóxicas moi coñecidas: o estado de natureza e o contrato social.

“Estado de natureza” e “contrato social” son, pois, dous eixes conceptuais destinados a dar base racional á nova lexitimidade, non realidades ou acontecementos que tiveran lugar nun determinado momento. O estado de natureza é só unha hipótese lóxica de como sería unha sociedade sen un

poder político instituído, pois toda sociedade ten sempre xa de feito unha certa organización política. A idea de contrato social, a súa vez, é tamén unha construción hipotética, dado que tódolos seres humanos nacen sempre nunha sociedade xa politicamente constituída.

Case tódolos autores de teoría política dos séculos XVII e XVIII elaboraron teorías contractualistas. Mesmo actualmente seguen a desenvolverse teorías neocontractualistas, tal como tivemos ocasión de advertir ao expoñer a teoría da xustiza de J. Rawls. A continuación expoñeremos as tres teorías máis influentes dos autores clásicos.

a) T. Hobbes

Hobbes define o estado de natureza como unha situación de guerra de todos contra todos, xa que nel tódolos individuos gozarían por igual dunha liberdade ilimitada en ausencia de toda lei. Nunha situación así todos actuarían movidos por intereses egoístas en busca do seu propio beneficio. Pero como son semellantes en dotes físicas e facultades mentais xerarían unha competencia violenta por apropiarse dos bens limitados existentes e resultaría imposible un verdadeiro progreso material e espiritual. Esta situación de anarquía acabará levando aos individuos a un pacto ou contrato social polo que renuncian a súa liberdade e lla entregan a un poder político coactivo (o Estado), o cal ditará -e fará cumprir- leis para a convivencia e a paz social.

O Estado queda xustificado deste xeito como a única opción racional posible. Pero, segundo Hobbes, o Estado deberá ter un poder absoluto, a fin de que ningún individuo se retracte e pretenda recuperar a situación de liberdade natural inicial. Deste xeito, a teoría de Hobbes presenta por un lado, unha cara moderna ao substituír a lexitimidade tradicional de orixe divino pola contractual; pero por outro, segue a afirmar un absolutismo do poder político similar ao da monarquía da época.

b) J. Locke

Locke, igual que Hobbes, define o estado de natureza como unha situación na que os individuos son libres e iguais, pero, a diferenza deste, afirma que están dotados xa duns “dereitos naturais”, tales como o dereito á vida, á liberdade e á propiedade dos produtos do seu traballo (e polo tanto tamén dos medios a partir dos cales se obteñen eses produtos: terras, industrias, etc). Entre os dereitos naturais está tamén, loxicamente, o dereito de cada individuo a protexelos e defendelos. Agora ben, como a eficacia para defendelos individualmente non está asegurada, están dispostos a establecer un poder estatal que os protexa e os garanta en nome de todos.

O Estado é xustificado, pois, tamén por Locke como a opción máis racional para unha eficaz defensa dos dereitos na práctica. Pero, ao contrario que Hobbes, a limitación da liberdade dos individuos deberá ser a mínima posible, dado que a finalidade do Estado é unicamente a de protexer os dereitos e liberdades básicos do individuo. Máis aínda, o poder político que adquire o Estado só e un préstamo por parte dos individuos, non unha cesión; de aí que Locke conciba o poder estatal supremo como unha representación do pobo, e polo tanto, revogable. Por outra parte, para frear o perigo de que o Estado se extra límite nas súas funcións, Locke propón una certa división de poderes en legislativo, executivo e xudicial que se auto controlen mutuamente.

O teoría do Estado proposta por Locke define claramente o modelo liberal clásico (o chamado “Estado xendarme” ou “Estado mínimo”), en concordancia co contexto no que foi formulado: a revolución burguesa de Inglaterra en 1688. As seguintes son algunhas das condicións que debe cumprir este sistema de goberno:

- Librementemente todos consenten en renunciar o seu poder lexislativo e executivo en favor da sociedade.
- Non renuncian a súa liberdade, pero queda restrinxida.
- O pobo, constituído en asemblea, elixe un goberno ó que confía a tarefa de velar polos dereitos de todos.
- Todos se comprometen a respetar os acordos alcanzados pola maioría.
- Se o goberno deixa de cumprir a misión que se lle outorgou mediante o pacto, o pobo ten dereito a sublevarse.
- Debe existir a división de poderes: executivo, lexislativo e xudicial.

c) J.J. Rousseau

Rousseau comparte con Hobbes e Locke a idea de que no estado de natureza os homes son libres e iguais. Pero, a diferenza destes autores, afirma que neste estado serían felices e inocentes. Sen embargo, os homes abandonaron o estado natural porque estaba cheo de dificultades e carencias materiais. O resultado deste abandono foi a invención da propiedade privada que desenvolveu a cobiza e os intereses egoístas, xerándose deste xeito as desigualdades sociais e a infelicidade. Pero a recuperación da felicidade perdida non pasaría por unha volta ao estado de natureza, senón máis ben por establecer un contrato social no que os homes renunciaran, ou polo menos puxeran entre paréntese, os seus intereses egoístas e privados para guiarse exclusivamente polo “interese xeral” da comunidade.

O tipo de contrato proposto por Rousseau representaría, polo tanto, unha verdadeira “vontade xeral” e non unha simple confluencia ou coincidencia de intereses egoístas particulares, como no caso dos modelos de Hobbes e Locke. Rousseau está convencido, ademais, de que se os individuos se guiaran realmente só polos intereses xerais comunitarios estarían actuando en beneficio propio, pois o interese xeral non é máis que o produto harmonizado dos intereses particulares.

Así pois, Rousseau xustifica tamén o Estado como a opción máis razoable. Pero o modelo de Estado que el defende non é xa o liberal clásico, senón máis ben o popular democrático. A soberanía reside no pobo como comunidade e é indelegable cando se exerce como poder lexislativo, aínda que si sería delegable ó poder executivo (goberno). Compre recordar, neste sentido, que Rousseau cría que só era posible a democracia se se exercía dun xeito directo, asembleario, como na Grecia antiga e que este era o modelo que desexaba para o pequeno cantón suízo de Xenebra ao que pertencía.

3.5 A paz perpetua de kant

Kant como filósofo da Ilustración cree na razón como ferramenta que permitirá ao home superar os seus conflitos dun modo dialogado e racional evitando así caer nas guerras que supoñen o fracaso da razón e o triunfo da sen razón. Na súa obra *Sobre a paz perpetua* escrita en 1795, Kant trata de encontrar unha estrutura mundial e unha perspectiva de goberno para cada un dos estados en particular que favoreza a paz. Este é un proxecto xurídico e non ético: Kant non pretende que os homes se volvan mellores, senón que cree posible construír unha **orde xurídica** que coloque a guerra como algo ilegal. A función dos artigos preliminares é ofrecer as condicións necesarias para evitar a guerra entre os pobos, como por exemplo, ó formular un tratado de paz non debe haber ningunha cláusula que sexa capaz de provocar unha nova guerra. Ou tamén que ningún Estado poida interferir na política interna doutro país de maneira violenta.

3.6 Fundamentos filosóficos do capitalismo no século XIX. John Stuart Mill. Alienación segundo Marx

John Stuart Mill (1806-1873) filósofo, político e economista Inglés representante da escola económica clásica e creador do utilitarismo ético xunto co se padriño J. Bentham, publicou dúas obras: *Sobre a liberdade e Consideracións sobre o goberno representativo*, onde reflexiona sobre as relación entre o Estado e o individuo. Defensor do liberalismo, Stuart Mill considera que as institucións e os Estados deben estar ó servizo da liberdade dos individuos. O individuo desenvolve a súa personalidade, desexos e ideas fronte á harmonización e igualdade social. Os seres humanos non son obxectos que se constrúen cun modelo establecido. Pertencen a unha especie universal, pero cada individuo é diferente. Cada individuo é singular e único; non se repiten os individuos e non se adaptan a un patrón.

Para conxugar este carácter singular do individuo fronte á tentación totalizadora de toda sociedade ou Estado, S. Mill considera que a democracia é a mellor forma de goberno posible porque é o sistema político onde os intereses e dereitos dos individuos se protexen mellor, xa que son os propios individuos os que se encargan da súa dirección e defensa. O exercicio desta soberanía só é posible nas pequenas comunidades ou mediante democracia representativa nas grandes nacións. A condición que o posibilita é a liberdade social, a cal consiste en poñer límites ó poder do gobernante, de tal maneira que non sexa capaz de utilizar o seu poder en beneficio dos seus propios intereses e tomar decisións que puideran conlevar prexuízo ou dano para a sociedade. A liberdade de pensamento e o sufraxio universal son os pilares desta liberdade social.

K. Marx: o proceso revolucionario

O pensamento de Marx comprende tres momentos fundamentais que non poden ser singularizados: a análise do pasado (materialismo histórico), a crítica do presente (estudio económico realizado basicamente na obra “O capital”) e o proxecto de futuro (alternativa política marxista).

a) O análisis do pasado: o materialismo histórico. Para Marx, o motor que fai evolucionar a historia é a loita de clases. Toda a historia foi unha loita permanente entre as clases opresoras e as oprimidas. Deste modo, a historia da Humanidade foi a sucesión de diferentes modos de produción, que se caracterizan pola natureza das relacións de produción existentes entre amos e escravos, señores e servos, patróns e obreiros...

O longo da historia sucedéronse tres grandes modos de produción: escravismo, feudalismo e capitalismo. O paso dun sistema a outro ten lugar cando as contradicións e os antagonismos de clase no seno dun modo de produción acábanos destruindo. Entón configúrase unha nova clase dominante que controla os medios de produción e o aparato do Estado.

Neste sentido, o capitalismo non é para Marx o punto de chegada da evolución humana, senón unha fase máis que é preciso superar para chegar a un novo modo de produción, o socialismo, no que non existirán desigualdades sociais nin económicas.

b) A crítica ao presente: a análise económica do capitalismo. A necesidade de analizar o presente, é dicir, o modo de produción capitalista, moveu a Marx a realizar unha crítica da economía política. Esta labor levouna a cabo, fundamentalmente, na súa obra magna: O capital. Segundo Marx, o elemento clave da explotación capitalista é a plusvalía, que consiste na apropiación por parte do capitalista dunha parte das ganancias que producen os obreiros. Así, durante a xornada laboral, o obreiro traballa primeiro para producir as mercancías que equivalen ó seu salario. Pero despois continúa traballando, e este traballo non pagado, constitúe a

plusvalía, única fonte de beneficio dos capitalistas. A principal contradición do modo de produción capitalista, segundo Marx, consiste en que canto máis desenvolvida está a capacidade produtiva e maior é o volume da produción, máis precaria é a condición dos traballadores (*lei da miseria crecente*). A consecuencia desta contradición é que ao non ter amplos sectores da poboación acceso á riqueza e carecer, polo tanto, de capacidade adquisitiva, o aumento da calidade e cantidade da produción non vai acompañado dun aumento paralelo do consumo. Entón prodúcense as crises periódicas de superprodución, típicas dos ciclos descendentes do capitalismo, coas súas inevitables consecuencias para as empresas (baixada de prezos, destrución de excedentes, perda de beneficios) e para os traballadores (novos despedimentos, salarios máis baixos).

Isto leva ó traballador a converterse nun ser alienado, é dicir, o traballador non é considerado como persoa en si, senón en función do seu valor económico, como man de obra para a multiplicación do capital. O traballador non representa senón unha determinada cantidade de beneficios.

c) O proxecto de futuro: a sociedade comunista. Para poñer fin á explotación do home polo home, Marx proclamou a necesidade de que o proletariado, mediante a revolución, conquistase o poder político e económico e crease un novo Estado obreiro ó servizo dos traballadores. Isto daría lugar a un novo modo de produción (socialismo), no que non existiría propiedade privada, xa que a primeira misión da revolución sería a socialización da propiedade, que pasaría ao Estado. Agora ben, o socialismo era para Marx tan só unha etapa intermedia, xa que a desaparición das diferenzas sociais supoñería a disolución das clases sociais. E como non habería clases, o Estado sería innecesario, porque o Estado é a expresión da dominación dunha clase sobre outra. Pouco a pouco este iríase autodisolvendo para dar paso á sociedade comunista, é dicir, igualitaria, sen clases e sen Estado.

3.7 A disputa entre Popper e a Escola de Frankfurt acerca do valor científico das ciencias sociais

Como **disputa do positivismo** foi denominada a discusión entre representantes do racionalismo crítico (Popper, Albert) e a teoría crítica da escola de Frankfurt (Adorno, Habermas) sobre o método científico das ciencias sociais, que tivo lugar no congreso da sociedade alemá de socioloxía en 1961 en Tübingen. Os principais puntos da disputa foron o valor da liberdade da ciencia (métodos de investigación), a posibilidade de illamento de datos e feitos singulares da complexa totalidade histórico-social, o significado do nivel de desenvolvemento social e con iso tamén a posición dos científicos nos procesos de investigación –obxectivo, método e resultados-, a relación do empirismo e a teoría, a responsabilidade (política) do científico polo seu traballo e a utilización da súa investigación científica. En conxunto trátase das preguntas acerca de si as teorías deben ser un sistema de principios para a explicación da realidade ou un instrumento crítico para o cambio da realidade social cara unha sociedade máis madura e democrática. A disputa do positivismo impulsou, en particular nas ciencias sociais, un esclarecemento e unha limitación dos puntos de vista teóricos científicos.

Popper defendeu que o método científico ha de aplicarse por igual ás ciencias naturais e ás ciencias sociais. Pola contra, a escola de Frankfurt, representada por Adorno, rexeitaba a imposición positivista de aplicarlle á socioloxía o mesmo método que se lle aplica ás ciencias naturais.

4. O pensamento utópico

Denomínase **utopía** a idea, ideación ou representación dunha civilización ideal, fantástica, imaxinaria e irrealizable, paralela ou alternativa ó mundo actual. Tamén se pode designar como o proxecto ou doutrina que se considera idóneo, pero inviable ou de difícil posta en práctica, como por exemplo a “utopía comunista” ou a “utopía anarquista”. Neste sentido, utopía pode considerarse o modo optimista de concibir como nos gustaría que fose o mundo.

Debido a súa importante carga idealista, a utopía ofrece unha base para formular e deseñar sistemas de vida alternativos, máis xustos ou máis éticos, e dende este punto de vista ten unha función crítica coa orde establecida e orientadora cara un mundo mellor.

A primeira utopía política coñecida da historia é o ideal político de Platón. Nun dos seus diálogos máis importantes, *A república*, formula o seu pensamento político e a súa visión de como debería ser unha sociedade para acadar a xustiza e o ben social.

Agostiño de Hipona no s. V na obra *A cidade de Deus* describe dende unha perspectiva cristiá dúas concepcións do social: os que aman a Deus e os que se aman a sí mesmos, a cidade dos segundos está contaminada polo pecado e hai que alonxarse dela.

No 1516 publícase a obra de Tomás Moro que se titula *De optima republicae, doque nova insula Utopía*, e comunmente coñecida como Utopía. Tomás Moro impresionado polas narracións de Américo Vesputio sobre a illa de Fernando de Noronha no Atlántico sur, considerou que esa illa podería ser o lugar para iniciar unha nova civilización perfecta. Esta “Utopía” sería unha sociedade comunal, racionalmente organizada, onde as casas e bens serían de propiedade colectiva e non privada, e as persoas pasarían o tempo libre adicado á lectura e á arte, e non serían enviadas á guerra, excepto en situacións extremas; polo tanto, esta sociedade viviría en paz, felicidade e xustiza.

Tomás Campanella escribe no s.XVII a *Cidade do Sol* inspirado por Agostiño de Hipona e por Moro e propón unha sociedade teocrática na que non se renuncia á propiedade privada avogando por un comunismo ideal.

Francias Bacon en 1626 na obra *A Nova Atlántida* vincula a sociedade ideal cos avances científicos.

No s. XIX o pensamento utópico abandonou o estilo literario e se centrou na posibilidade real dunha sociedade ideal mediante a redistribución da riqueza que xenerou a Revolución Industrial a través de autores coma Henri de Saint-Simon, Charles Fourier, Flora Tristán ou Robert Owen.

No século XX tamén tivemos ideólogos das utopías como a proposta da Illa de Aldous Huxley ou *1984* de George Orwell na que nos presenta a antitopía ou distopía, a cara negativa da utopía. Nesta novela Orwell presenta un futuro no que unha ditadura totalitaria espía e interfere na vida privada dos cidadáns hasta facer imposible escapar ó seu control. O reality “Gran Hermano” inspírase nesa obra, onde todos os cidadáns son espiados e controlados para anticipar calquera disidencia ou revolta. A novela cobra especial vixencia na sociedade actual, onde grazas ós medios tecnolóxicos, o control aos cidadáns (control de ingresos, gastos, situación persoal, laboral, enfermidades, etc) está máis perfeccionado que en ningún outro momento da historia da humanidade.

5. A democracia

5.1 Definición

Etimoloxicamente “*demos*” significa pobo, e “*kratia*” poder, polo que a democracia é o goberno do pobo pois todos os membros asumen o funcionamento de tal asociación, son cidadáns soberanos que participan en condicións de igualdade, libertade e xustiza na organización do goberno.

5.2 Que condicións deben darse nunha democracia?

Según Norberto Bobbio son as seguintes:




Ilustración 2

5.3 O estado de dereito

O Estado de dereito oponse ao Estado absoluto e ao totalitario e ten as seguintes características:

- DIVISIÓN DE PODERES: lexislativo, executivo e xudicial
- LEGALIDADE DA ADMINISTRACIÓN: baixo o control xudicial axustándose á lei.
- GARANTÍA DOS DEREITOS E LIBERTADES: é o elemento esencial do sistema de lexitimidade apoiándose no estado de dereito.
- IMPERIO DA LEI: expresa a vontade xeral.

5.4 Problemas aos que se enfrenta a democracia

- **DEMOCRACIA SOCIAL:** é compatible democracia e desigualdade económica? As democracias do s.XX asumen políticas sociais equitativas e redistributivas que suavicen as desigualdades económicas e sociais. Este tipo de estado é o Estado de Benestar. Institucionalízase a defensa do dereitos sociais mediante prestacións económicas, servizos xerais gratuítos (educación, saúde...) e políticas de axuda (para vivenda, transporte público...). A desigualdade crecente pode debilitar ao tecido social polo que é un problema grave para a democracia.
- **DEFICITS DEMOCRÁTICOS:** un dos maiores problemas da democracia é a escasa participación dos seus cidadáns. Limitase ao voto cada certo tempo. Outro dos grandes problemas é o excesivo poder dos partidos políticos, as veces convírtense en institucións completamente alonxadas do interese cidadá polo que o cidadá non se sente representado. Por outra banda os gobernantes a súa vez teñen limitado o seu poder pois as decisións en última instancia as toman instancias supranacionais e os poderes económicos.
- **PARTICIPACIÓN REAL:** unha auténtica democracia esixe cidadáns críticos, participativos, ilustrados, activos e responsables.
- **CORRUPCIÓN:** é un problema grave pois dana os valores democráticos xa que burla o estado de dereito.
- **GLOBALIZACIÓN:** o proceso de globalización ten aspectos moi positivos pero tamén moi negativos coma o pensamento unidimensional que finalmente merma a nosa capacidade crítica e polo tanto, a nosa liberdade... ademais o control por parte do estado dos recursos, medioambiente e economía fai que a súa estabilidade estea ameazada.

5.5 É posible unha democracia de calidade?

Faise necesaria unha moral civil en torno a uns valores compartidos, estes valores están recoñecidos pola comunidade internacional e son o fundamento dos dereitos humanos: dignidade, respecto, igualdade natural, dereitos básicos como a vida e a necesidade do diálogo.

Según Aranguren a fin da política reduciráse a dous principios:

- XUSTIZA DISTRIBUTIVA
- DEMOCRACIA

A moral non só pode cingirse aos individuos senón que require ser institucionalizada.

5.6 Valores cívicos

A crise fai máis necesarios que nunca certos valores cívicos:

- Buscar o ben común
- Equidade
- Decir a verdade
- Promover unha educación real e crítica.

- Marco de valores comunes a través do diálogo e a deliberación.
- Cultura da exemplaridade
- Potenciar o esforzo que permita valorar e distinguir o que está ben do que está mal, o fácil do difícil...
- Esforzo polas condutas virtuosas: xustiza, prudencia, templanza
- Rexeitar as condutas inadmisibles.
- Cambiar a orde de valores sustituíndo determinadas formas de vida consumistas por valores sociais solidarios e cooperativos.
- Profesionalidade en vistas ao ben común.
- Superar a partidización da vida pública procurando a cohesión social.



Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1.	Autoría: Propia
Ilustración 2.	Autoría: Propia